



Proposta de modificación das Ordenanzas Fiscais

O Goberno local da Coruña propón unha serie de modificacións para seguir afondando na consecución dunha maior progresividade e xustiza redistributiva, incidindo nas medidas de carácter social, de estímulo á actividade económica, e noutro tipo de accións democratizadoras en materia fiscal.

As medidas dividiríanse en tres grandes eixos:

Medidas de estímulo á actividade económica: Son relativas a conceptos tributarios que afectan principalmente ao pequeno comercio, como as licenzas de apertura ou os traspasos.

Medidas de carácter social: Buscan unha regulación máis homoxénea dos beneficios fiscais para as persoas con menos recursos, introducindo criterios de renda.

Medidas democratizadoras: Tratan de favorecer un uso igualitario por parte da cidadanía de recursos públicos, como a utilización dos centros cívicos ou os museos científicos.



Actuacións destacadas dentro de cada eixo:

Medidas de estímulo á actividade económica

Taxa de aperturas: Proponse unha regulación da ordenanza fiscal número 4 que derive no establecemento dunha **cota cero** para todo tipo de traspasos e negocios, sempre que non supoña un aumento de actividades económicas. A esa medida engádese a aplicación dun coeficiente de bonificación do 25% na taxa de apertura de locais de menos de 150 metros cadrados.

Medidas de carácter social

Taxa do lixo: A intención do Goberno local é **estender os criterios de progresividade** que o Pleno aprobou o pasado ano con respecto á taxa da auga a outros tributos, como por exemplo, a taxa do lixo (ordenanza fiscal número 6). O obxectivo é establecer a cota cero para os perceptores da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) ou outras prestacións equiparables. As familias con renda neta inferior ou igual ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) terán unha bonificación do 75%, e do 50% no caso de que a renda neta sexa inferior a 1,5 veces o IPREM. Por outro lado, daranse **maiores facilidades de pago** fraccionado para que, como xa se fixo coa taxa de vados, o prorrateo sexa trimestral e non por semestres.



Taxa da auga: A intención do Goberno local é articular outras medidas con respecto á regulación da taxa da auga que compensen e equilibren as modificacións da regulación da taxa de depuración (OF 7) que veñen dadas en base aos acordos adoptados no Consello de Administración da Edar de Bens. En concreto, o pasado mes de xuño, o Consello de Administración (integrado polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo, Cambre e Oleiros) aprobou unha suba da taxa fixa. **A intención do Goberno local é compensar esta suba da taxa de depuración mediante bonificacións adicionais para pequenos consumidores domésticos.**

*Fóra da ordenanza, aínda que nesta liña de actuacións, Emalcsa regulará os supostos de aprazamento de pago e **medidas para evitar cortes no subministro, así como o pago da taxa de reenganche no suposto de que existan dificultades de pago puntuais xustificadas.***

Medidas democratizadoras

Modificación na Ordenanza Reguladora de Prezos Públicos (43) no que se refire á prestación de servizos e utilización de instalacións, en concreto, os centros cívicos. Nesa liña, configuraranse **tarifas polo uso dos salóns** de actos dos centros cívicos diferenciando entre xornada completa, media xornada, e por horas, favorecendo o seu uso por parte da cidadanía. Tamén se variarán as **tarifas dos talleres** e



actividades dos centros cívicos, incluíndo un novo tramo de ata 6 horas. Igualmente, activarase a **exención de tarifa nos casos nos que unha actividade conleve recadación económica** con finalidade solidaria.

Taxa por prestación de servizos en museos e outras institucións culturais: Modificarase a ordenanza fiscal número 16 coa finalidade de homoxeneizar os supostos de tarifas reducidas: situación de desemprego, familias numerosas, carné internacional de estudantado ou profesorado. Tamén se incluírá unha ampliación de supostos de cota cero de entrada para a Torre de Hércules e o Castelo de San Antón.

Bibliotecas Municipais: A modificación proposta da ordenanza municipal número 41 consiste na redución da tarifa por fotocopia nestes espazos.

Autorizacións non suxeitas a tarifas: A modificación da ordenanza fiscal número 44 ten a finalidade de simplificar a xestión de autorizacións de instalacións culturais municipais que non estean suxeitas a tarifas.

Outras medidas:

Ordenanza Fiscal 14, reguladora da taxa de inmovilización, retirada e almacenamento de vehículos: Introducimos novos supostos de cota cero para a retirada, traslado e almacenamento de vehículos que estean suxeitos a unha denuncia previa por roubo.



Ordenanza Fiscal 32, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público: Proponse un aumento nas taxas aplicables a gasoliñeiras e dispositivos de venda automática.

Ordenanza Fiscal 30 de Mercados Municipais: Incorporarase os mercados municipais de Santa Lucía e Adormideras a dita regulación. Proponse tamén establecer o canon mensual destes mercados por actividade e metro cadrado.